

VECIÑANZA PRESENTA EMENDAS AOS ORZAMENTOS DE 2021 PARA INCREMENTAR AXUDAS SOCIAIS E INICIAR A REDACCIÓN DO PXOM

- *O proxecto de Orzamentos para o ano 2021 non cubre como é preciso as necesidades estruturais de Cuntis nin atende como debera ás prioridades que deixa a crise do coronavirus*
- *O PSOE non contempla nin un céntimo para comezar a redacción do PXOM.*
- *As emendas de Veciñanza inciden nas axudas sociais, á natalidade, ao alugueiro de vivenda e de locais comerciais para o emprendemento.*

Cuntis, 09 de xaneiro de 2021

Veciñanza vén de rexistrar o documento de emendas aos Orzamentos Municipais que o Goberno Local de Cuntis pretende aprobar para o presente exercicio 2021. Estas emendas foron expostas na tarde de onte, xoves, nunha reunión mantida entre o Grupo de Goberno e Saleta Fernández e Santi Martínez, representantes de Veciñanza na Corporación Municipal. O proxecto presentado polo PSOE, que será debatido nun pleno extraordinario a vindeira semana, omite algunhas das necesidades básicas que presenta a vila e deixa sen atender prioridades que a pandemia do coronavirus converteu en urxentes.

Na exposición de motivos do documento, Veciñanza analiza a situación económica estrutural de Cuntis, que vén reflexada polas dúas últimas liquidacións das contas de 2018 e 2019, e que presentan **un estado especialmente preocupante no que o Concello incumpre as regras de estabilidade fiscal, gasto e pago medio a provedores**. De non ser porque o Congreso dos Deputados suspendeu excepcionalmente e con motivo da pandemia estas esixencias, o Concello de Cuntis tería que acollerse a **un plan de axuste económico**. Veciñanza pídelle ao PSOE que faga unha lectura honesta da situación e que estableza as condicións de recuperación que Cuntis precisa, por exemplo **dotándose das prazas de persoal que están orzamentadas para persoal administrativo** e non abusando da contratación precaria.

Outra das principais carencias estruturais de Cuntis, xa de carácter histórico, é o desenvolvemento urbanístico. **Veciñanza pide incluír nos orzamentos do 2021 unha partida para a licitación do contrato de redacción do PXOM**. Malia ser unha promesa electoral do PSOE, o Grupo de Goberno non contempla un asunto de tanta relevancia e inclínase por cuestións claramente secundarias.

Outra das materias nas que incide Veciñanza é o problema demográfico. A perda de poboación segue a ser unha constante e o Goberno do PSOE non presenta medidas para crear condicións que permitan revertir esta situación. As emendas de Veciñanza inclúen o **incremento de Axudas**





á Natalidade (que o PSOE prevé conxelar), a incorporación dunha liña de axudas ao alugueiro de vivenda, axudas ao alugueiro de locais comerciais para o emprendemento e o incremento das Axudas en Materia de Emerxencia Social e Escolarización.

Maior dotación orzamentaria para a conservación dos **petróglifos**, instalación de puntos de **recarga de vehículos eléctricos**, conservación da Feira do Dezaioito, **humanización integral da zona do Espadenal (con especial e urxente atención á seguridade viaria)** e do treito antigo da N-640 son outras das demandas que contén o documento que Veciñanza defenderá na vindeira Comisión de Contas, previa ao Pleno de debate dos Orzamentos.

Nunha reunión mantida o pasado xoves, os representantes de Veciñanza expuxéronlle ao grupo de goberno **a importancia de que estes orzamentos reorienten as liñas básicas de Cuntis cara á saída da crise económica derivada do coronavirus e da situación que virá en vindeiros exercicios**. Para iso é necesario un **concello saneado** e un modelo de vila que atenda o desenvolvemento económico, urbanístico e demográfico. O Concello de Cuntis conta con numerosas ordenanzas fiscais obsoletas, que non permiten implementar bonificacións ou exencións fiscais; contratos de servizos continuados que permanecen sen renovar; carece dunha RPT que dote de estabilidade ao cadro e persoal; etc. Pola contra, o PSOE segue instalado no uso e abuso da propaganda como mecanismo de goberno no canto de priorizar o gasto naquelas partidas máis urxentes.

Veciñanza agarda que o Goberno amose unha actitude colaborativa e dialogante e que amose disposición a incorporan as emendas presentadas.

